La Voz de Galicia | HEMEROTECA WEB

14 de octubre del 2003

FERROL

# «A acústica será incluso mellor que a de antes»

**R. Loureiro** ferrol

? arquitecto que dirixe a rehabilitación do Jofre, Rafael Baltar -un dos máis prestixiosos especialistas do país en materia de recuperación de edificios históricos-, afirma que a



IRENE MOLINA

intervención no teatro ten que ter en conta o carácter orixinal do edificio, pero sen esquecer que as obras que permiten devolverlle o

esplendor perdido se están a facer no século XXI.

-Recorrendo o interior do edificio, dá a impresión de que, máis que renacer o Jofre, o que aquí nace é un teatro novo...

-Non, non é así. O Jofre, mantendo o seu espírito de vello ***teatro á italiana*** , vai seguir sendo, ou será de novo, un dos mellores teatros de Galicia. Tamén en canto a prestacións. Iso requiere dotalo de servicios que non tiña. E non esquecer en qué tempo estamos.

-¿Manterá a súa acústica?

-A súa acústica será incluso mellor que a de antes. Para iso contamos co asesoramento dun dos maiores expertos na materia, Igini Arau.

-¿Que criterios seguiu para deseñar a nova construcción, a que albergará os camerinos...?

-O criterio de non facer o que xa estaba feito. O que non quere dicir que non mantivésemos as proporcións, o diálogo con todo o edificio.

LA VOZ DE GALICIA,S.A. se reserva todos los derechos como autor colectivo de este periódico y, al amparo del art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, expresamente se opone a la consideración como citas de las reproducciones periódicas efectuadas en forma de reseñas o revista de prensa. Sin la previa autorización por escrito de la sociedad editora, esta publicación no puede ser, ni en todo ni en parte, reproducida, distribuida,comunicada públicamente, registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. **M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141.CIF: A 15000649**

**© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)** RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177